

Armando Requeixo



HUMANISMO CRISTIÁN CONTRA A DESESPERANZA

Neste país de noso sempre hai lugar para aqueles que, sen estridencias pero con convicción, defenden tan silandeiramente como

firmente éticas fraternas de progresía. E velai como esta patria que compartimos ten no pensamento de raiceira cristiá algúns dos seus máis estimables valores intelectuais. Ao discurso senlleiro de séniore como Chao Rego, Torres Queiruga ou Araújo Iglesias cómpre sumar nos últimos lustros o de toda unha xeración de pensadores e pensadoras relixiosos que ten nas páxinas de *Encrucillada* e *Irimia* a súa fiestra aberta dende a que abeirar ao pobo.

Pois ben, de entre o nutrido grupo de ensaistas cristiáns galegos actuais préstame hoxe salientar o nome de Victorino Pérez Prieto, leónes por nacemento, galego por crianza e sentimento, a quen debemos monografías tan meritorias como "A Xeración Nós. Galeguismo e Relixión" (1998), "Cristiáns e galeguistas" (1994) ou "Galegos e cristiáns. Deus fratresque Gallaeciae" (1995), entre outras. Aos libros anteriores vén sumarse agora "Contra a síndrome N.N.A. Unha aposta pola esperanza"



O autor, no centro, durante a presentación do libro na Galería Sargadelos

Foto: Luis Polo

(Xerais, 2005), compilación dun cento de artigos xornalísticos publicados ao longo da pasada e presente década nos máis diversos medios galegos, nomeadamente nas páxinas deste periódico, mais tamén nas doutras cabeceiras como *El Progreso* ou *A Nosa Terra* e aínda nas amentadas *Encrucillada* e *Irimia*.

Seis son as seccións nas que Pérez Prieto agrupa os textos da súa obra, precedidas dun "Adro" epitomizador que serve tanto de limiar aclaratorio de contidos como de entregada e xenerosa declaración de principios: "Todo o que non se dá pérdese". Veñen logo a media ducia de bloques nos que o autor dá razón do seu estar "A carón da xente", de diferentes "Persoeiros e amigos" admirados, da súa cosmovisión relixional ou "Un mundo entre a vida e a morte", das realidades que a cotío nos lembran a "Xesús de Nazaret e a Relixión" ou "A Igrexa e as igrexas" e inclusive a algúns "Curas e bispos".

Nos tres derradeiros apartados concéntrase a maior carga teolóxica – cristolóxica por veces – do libro, namentres que nas tres primeiras partes o discurso sociolóxico e humanista é o predominante, véndose este

tinguido, xaora, pola súa percepción cristiá das problemáticas, situacións e relacións descritas.

Páxinas hai neste "Contra a síndrome N.N.A." de reveladora e lúcida reflexión, como as dedicadas ás complexas relacións entre a política profesional e a Igrexa, o problema inmigratorio, a solidariedade contra toda insensatez humana, teña esta a cor que teña e enarbore a bandeira que enarbore, a da guerra, a da opresión dos febles, a do desas-

"Victorino Pérez Prieto sabe moi ben que a síndrome N.N.A. é curable. O antídoto está en nós"

tre político mal disimulado de desastre unicamente natural, a do neoliberalismo capitalista esmagador, a da bioxenética desmedida, a da retrógrada ratzingerización católica, a da militarización crecente dos estados, en fin, a da celsoemiliana cocalonización planetaria.

Porque Victorino Pérez Prieto, crego en Ferrol, teólogo e ensaísta, sabe moi ben que a *síndrome N.N.A.* (*Non hai ningunha alternativa*) é curable. O antídoto está en nós, nunha humanidade esperanzada como a que espallan as planas deste libro seu, que paga a pena, e moito, ler.

Victorino Pérez Prieto

**Contra a
síndrome N.N.A.**

[Non hai Ningunha Alternativa]

**Unha aposta
pola esperanza**

ENSAIO

XERAIS



**"Contra a síndrome N.N.A.
(Non hai Ningunha Alternativa)"**

Victorino Pérez Prieto

Ed. Xerais / 19, 50 euros